

Bases da convocatoria

Neste documento séntanse as bases da convocatoria para participar no proxecto de creación da primeira senda de patrimonio industrial no Camiño de Santiago, «**RECALADAS NO CAMIÑO**».

A senda fixarase empregando unha metodoloxía itinerante de carácter experimental, totalmente innovadora, a xeito de expedición/obradoiro itinerante («**RECALANDO NO CAMIÑO**»). Baséase en documentación científica, traballo de campo e interacción estética e antropolóxica coas súas xeografía, poboación e memorias.

Formaranse equipos multidisciplinares de estudantes ou titulados/as ou graduados/as de entre 18 e 30 anos, escollidos con criterios de paridade de xénero e inclusión. A titoría dos equipos desempeñaraa un grupo de especialistas, profesionais e académicos. Percorrerán e recalarán nun mínimo de dez localidades do Camiño de Santiago, ao longo de seis días de traballo de campo, a modo de expedición, para localizar os cinco nodos¹ obxecto de estudo, concentrando as actividades en dous deles.

Os resultados da expedición **RECALADAS NO CAMIÑO** presentaranse nunha conferencia final, que nos permitirá contribuír a identificar, dinamizar e valorizar os recursos turísticos asociados ao patrimonio industrial marítimo pesqueiro e xerar un itinerario de patrimonio industrial no marco territorial do Camiño de Santiago.



¹ Nodo: Definimos como nodo os enclaves habitados da costa galega pertencentes ao Camiño de Santiago que dispoñen de sistemas, conxuntos ou elementos, en activo ou en obsolescencia, vinculados ás actividades marítimo pesqueiras e que, por tanto, forman parte do patrimonio material e inmaterial.

Coa colaboración de:

1. PARTICIPANTES

Requisitos

- ✓ Ter entre **18 e 30 anos**
- ✓ Ser **estudiante, titulado/a ou graduado/a en disciplinas como** historia, arqueoloxía, arquitectura, belas artes, ciencias do mar, bioloxía, xeografía, antropoloxía, turismo, empresariais ou economía, ciencias da comunicación, ocio/tempo libre, así como enxeñaría e ensinanzas relacionadas.

2. PRESENTACIÓN

Envío por correo electrónico a fundamar@fundamar.org

- ✓ Enviar o **formulario de inscrición e CV.**
- ✓ Enviar un **texto de 1000 palabras e 2 imaxes** (12 x 18 cm, 300 dpi) que ilustren a motivación persoal e o contexto académico, profesional ou creativo que xustifica a túa participación en relación co obxectivo central do proxecto.

Tamén se aceptará, como **formato alternativo ao texto, un vídeo de ata 5 minutos de duración**, en formato Mp4, no que a motivación se explique e ilustre como unha imaxe de creación propia.

No caso das fotografías ou vídeos, enviaranse por plataforma electrónica de transferencia de datos (por exemplo, wetransfer), xuntando a ligazón de descarga web ao enderezo, xunto co formulario de inscrición:

fundamar@fundamar.org



Coa colaboración de:

3. PRAZO²

- ✓ Prazo máximo para enviar a solicitude: 1 abril de 2021 ás 15h
- ✓ Publicación da lista de admisións e reservas: 20 abril de 2021
- ✓ Datas de realización da expedición: maio ou xuño de 2021 (convirano entre os/as participantes)
- ✓ Data de presentación de resultados: xuño-setembro de 2021

4. COMITÉ AVALIADOR

O comité avaliador estará formado por persoas pertencentes a entidades do ámbito académico e profesional, vinculadas á valorización do patrimonio e aos obxectivos do proxecto.

Non se admitirán candidaturas que conteñan ideas ou expresións contrarias aos obxectivos do proxecto e valoraranse especialmente a orixinalidade e actividades análogas realizadas.

5. ACEPTACIÓN DAS BASES

O envío da candidatura para participar no proxecto supón a aceptación total das súas bases e a decisión do comité avaliador.

A participación no proxecto, unha vez superada a fase de selección, non suporá ningún gasto para os/as participantes, xa que a organización se fará cargo do transporte, manutención e aloxamento durante os seis días da fase presencial de traballo de campo.

² Os prazos poderían estar suxeitos a cambios a consecuencia das restricións sanitarias.

Coa colaboración de: